

HANGAR ROJO

Juan Pablo Sallato, 2026


1738

ESTREA EN NUMAX: 08.05.2026 | V.O. | +12 | 85 min

Santiago de Chile, 11 de setembro de 1973. Mentres o golpe militar se desprega por todo o país, o Capitán Jorge Silva, ex xefe de Intelixencia da Forza Aérea, recibe unha orde que mudará a súa vida para sempre: transformar a Escola de Aviación, onde hoxe ensina a mozos cadetes, nun centro de detención e tortura.

«Un prodixio de contención.
Funciona como testemuño dunha
época na que os herdeiros dos
golpistas volveron ao poder»

Enric Albertó, EL ESPAÑOL



Entrevista con Juan Pablo Sallato: «A película convida a pensar que as decisións que se toman no presente traen consecuencias a futuro»

Por Ricardo Gallegos

Por que cres que agora é importante contar a historia de Jorge Silva? Creo que hai un certo fastío comunicacional fronte á temática, co que non estou de acordo, pero tamén aquí hai un punto de vista inédito que pode abrir novas vías de diálogo e traer a conversa ao presente. E si, entendo que poida ser un pouco esgotador a nivel emocional. É coma se isto fose un piano: un empeza a tocar unha mesma nota e acaba cansando. O que me interesaba desta película era xustamente iso, buscar outra nota para seguir falando. E sobre todo neste mundo violento que estamos a vivir, presentar a historia dunha persoa que pode actuar distinto, con ética, dialoga ben co hoxe. Nun mundo onde estamos a ver a impunidade fronte ás mentiras, fronte aos dereitos internacionais e fronte aos dereitos humanos, é importante volver contar historias onde hai persoas que seguen crendo ou mostrando certa humanidade en épocas de barbarie.

A película balancéase nunha liña complicada que podería ser interpretada como un lavado para un personaxe, xa que, sen importar as accións boas, cometeu crimes. Como manexaches isto? Eu creo que o principal foi facelo con responsabilidade fronte ao feito histórico que estamos a tocar e, polo mesmo, mostralo con veracidade. Documentámonos moito. Queriamos humanizar ese mundo para mostralo con veracidade, porque se un mostra arquetipos de persoas nesa institución todo o tempo, o diálogo non se xera. Entón a aposta foi esa e a min tenme tranquilo porque a barbarie se mostra, a barbarie está clara. É un drama por onde o mires, é un drama de país, é un drama total. En ningún caso é unha expiación das cousas que se fixeron, senón simplemente unha invitación para volver a pensar no momento e en como as decisións que se tomaron carrexaron consecuencias de 50 anos. Entón, para min, a película é invitar a pensar que as decisións que se toman no presente traen consecuencias a futuro. E por iso creo que conectou noutros territorios, fóra de Latinoamérica, onde talvez non coñecen profundamente a nosa historia. É un dilema humano finalmente.

Iso gústame, que non se pecha o diálogo, que está a mostrar o dilema moral. Non é tan doado como simplemente dicir “non o fago” ou “si o fago”. E aí, dalgún xeito, pensamos que a película nos interpelará como realizadores e tamén á audiencia. No fondo, que un diga: “Se eu fose un deles nese momento, que faría?” Porque co diario do luns, como din os arxentinos nesta metáfora futbolística, cando xa sabes o resultado obvio que vas ser o heroe, vas ser o que salva vidas. Pero se o miras nese momento, con esa urxencia, co presente dese ano, cal es deses soldados se te atopas nesa institución? É importante pensalo, non para facer unha expiación, senón simplemente pensalo. Para min, o cinema e a arte son unha invitación para pensar, non a dar unha resposta servida. E foi o mesmo para todo o equipo que traballou, os actores, as actrices. Foi todo moi conversado. Non sinto que fose só unha visión miña, sinto que chegamos a unha comunión dialogada dun proceso histórico que nos toca a todos. A verdade non a teño eu, hai que construír esa verdade histórica dialogando. Esa é a invitación da película.

Publicado en laestatuilla.com